



ACTA PLENO DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 25 DE OUTUBRO DO 2021.-

<p>ASISTEN: Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna Olimpia Marcos García Dna Mª Victoria Montenegro Paz.. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D, Luis Cendán Fernández. Dna. María Carmen Brage Otero. Dn. Emilio Mesías Farías. Dna. Josefina Martínez Martínez. D. Marcos Carballo Sarmiento. D. José Manuel Cendán Fernández</p> <p>Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as nove horas e cincuenta e sete minutos do día vinte e cinco de outubro do dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
---	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- Ratificación se procede do cambio de hora.

Sometida a votación a ratificación cambio de hora sesión ordinaria o Pleno do Concello por unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación

Punto núm. 2.- Aprobación se procede da acta de 27 de setembro de 2021.

Sometida a votación a aprobación da acta correspondente a sesión plenaria do día 27-09-2021 o Pleno do Concello por unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 3.- Aprobación Convenio colaboración entidade pública empresarial Augas de Galicia-Deputación da Coruña e Concello de Ares "Mellora do sistema de abastecemento de Ares"

Dáse conta do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARES PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE "MELLORA DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO DE ARES (A CORUÑA)", FINANCIADO AO 100% A PARTE ELIXIBLE POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO EIXO REACTUE DO PROGRAMA OPERATIVO





FEDER GALICIA 2014-2020, COMO PARTE DA RESPOSTA DA UE Á PANDEMIA DA COVID-19; MEDIANTE TRAMITACIÓN ANTICIPADA DE GASTO, de data 18 de Outubro de 2021, **que a continuación** se transcribe:

Dunha parte, Ethel María Yáñez Mourelel, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nomeada polo Decreto 112 / 2020, do 6 de setembro, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9 / 2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34. 1 da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Doutra parte, Julio Ignacio Iglesias Redondo, alcalde do Concello de Ares, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/ 1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

EXPOÑEN

Primeiro. O Concello de Ares ten atribuídas competencias en materia de abastecemento de auga potable, de acordo co establecido nos artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86. 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, nos termos establecidos pola legislación da comunidade autónoma, en concreto nos artigos 81 a) e 80. 2 1) da Lei 5/ 1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, e nos artigos da lei 9 / 2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia. que regula no reparto competencia en materia de abastecemento.

Con referencia a esta última lei, os artigos 5.1 a) e 27.1 establecen como competencia das entidades locais o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario. Ademais, o artigo 27.2 establece a competencia das entidades locais en materia de elaboración e aprobación de proxectos de obras e execución de infraestruturas cando se trate de obras da súa competencia así como a explotación dos servizos da súa competencia.

Segundo. A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias se atopan, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a adopción de medidas que garantan o





abastecemento aos municipios (artigo 31.1) e a supervisión das redes básicas de abastecemento en alta (artigo 31). En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1 t)).

Terceiro.- Tanto a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local (LRBRL) no seu artigo 36, como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALG) no seu artigo 109, establecen como competencias propias das Deputacións Provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios integrantes das mesmas.

No exercicio de tales competencias de asistencia económica ao Concello de Ares, a Deputación Provincial da Coruña está disposta a cofinanciar a actuación obxecto deste convenio.

Cuarto. A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do abastecemento terá por finalidade a garantía de subministración de auga en calidade e cantidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos, nos termos establecidos na planificación.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de abastecemento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 23.3).

Quinto. O artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o 194 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Sexto. O sistema de abastecemento do concello de Ares presenta unhas condicións deficitarias e non garante o subministro á poboación, sobre todo en época estival, debido principalmente á insuficiente presión.

As actuacións proxectadas pretenden a mellora do sistema de abastecemento de Ares, concretamente das súas infraestruturas garantindo a calidade da auga potable, presións de subministro mínimas e adecuadas e continuidade do servizo.

Sobre a base do ata aquí exposto, as partes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:





CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ares que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na "Mellora do sistema de abastecemento de Ares. (A Coruña)", a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento, nos termos establecidos nas cláusula seguintes.

SEGUNDA. OBRIGAS DE AUGAS DE GALICIA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, Augas de Galicia obrígase a:

1. Levar a cabo as actuacións consistentes na contratación da execución, dirección das obras e labores de coordinación de seguridade e saúde na fase de construción a xestión das mesmas ata completar a súa finalización e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado na lexislación vixente e n materia de contratos, e cos efectos sinalados na cláusula sétima.
As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de modificacións xustificadas das obras, ata que as construcións merezan a plena conformidade de Augas de Galicia, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello para a súa incorporación ao serbio e uso público.
2. Financiar as actuacións nos termos estipulados na cláusula sexta.
3. Controlar a calidade e a seguridade e saúde das obras de referencia durante a súa execución.
4. Durante o prazo de garantía das obras de referencia, realizar os trámites necesarios para o contratista repare aqueles defectos imputables a súa execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción, de conformidade co disposto na lexislación vixente en materia de contratos. Esta garantía non cubrirá os danos por un uso inadecuado das instalacións, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo, nin defectos ou danos por incumprimentos da normativa sanitaria ou en materia de vertidos.
5. No ámbito das súas facultades, colaborar coas outras partes no desempeño das súas obriga e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultade ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenen alcanzar con esta obra hidráulica.

TERCEIRA. OBRIGAS XERAIS DA DEPUTACIÓN

1. Financiar as actuacións nos termos estipulados na cláusula sexta.
2. Prestar, con carácter previo á licitación das obras de referencia por parte de Augas de Galicia, conformidade co proxecto redactado. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais





trámites que a comunicación ás parte. **No ámbito das súas facultades, colaborar coas outras partes no desempeño das súas obrigas e a fronta** reintentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no dese envolvimento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

3. No ámbito das súas facultades, colaborar coas outras partes no desempeño das súas obrigas e frontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

CUARTA. OBRIGAS XERAIS DO CONCELLO

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o Concello obrígase a:

1. Someter o proxecto das obras de referencia a información pública, mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo non inferior a 20 días hábiles, e emitir unha certificación acreditativa de telo sometido a este trámite, á que se xuntará, no seu caso, un informe onde se dea conta da contestación ás alegacións presentadas. No caso de que, debido ao alcance do proxecto ou ás afeccións que produza, o concello entenda que non procede este trámite de información pública emitirá certificación neste sentido.
2. Prestar, con carácter previo á licitación das obras de referencia por parte de Augas de Galicia, conformidade co proxecto redactado. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, se n n ma is trámites que a comunicación ás partes
3. Financiar as actuacións nos termos estipulados na cláusula sexta.
4. A efectiva posta a disposición de Augas de Galicia antes do 1111c10 das obras, os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes. Se os terreos non foran propiedade da entidade local, esta deberá tramitar o correspondente procedemento de expropiación forzosa. Neste suposto, con carácter previo ao inicio das obras e en relación con todos os bens afectados, o concello deberá acreditar o pago ou, no seu defecto, a consignación na Caixa Xeral de Depósitos do depósito previo á ocupación e da indemnización polos prexuízos derivados da rápida ocupación.
5. Asumir a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación ningunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular destas; asumindo tamén o pagamento de calquera taxa, canon ou imposto, de carácter non local, derivado da construción ou explotación das obras de referencia.





No caso de que o proxecto das obras de referencia requira o seu sometemento a trámites de avaliación ambiental, asumir a condición de órgano promotor e substantivo ante o órgano ambiental competente, realizándose de xeito simultáneo ao trámite de información pública.

6. Recibir as obras e, como titular das mesmas, asumir a súa posta en servizo, explotación e conservación durante un prazo mínimo de cinco anos desde o pagamento final ao beneficiario, de acordo co artigo 71.1 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns relativas aos diferentes fondos europeos, entre eles o FEDER.
7. A utilización das instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.
8. No ámbito das súas facultades, colaborar coas outras partes no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

QUINTA. OBRIGAS EN RELACIÓN A MODIFICACIÓN DAS OBRAS

No caso de que durante a execución das obras de referencia fora necesario modificalas, as citadas modificacións serán aprobadas por Augas de Galicia, previa conformidade das outras partes. No caso de que supoña un aumento no importe previsto no convenio deberá tramitarse unha addenda, de conformidade co disposto na cláusula duodécima

Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio sen mais trámites que a comunicación ás partes.

Con respecto a estas hipotéticas modificacións, Augas de Galicia, a Deputación e o Concello acordan que sexa de aplicación o mesmo réxime establecido nas cláusulas segunda, terceira e cuarta deste convenio.

SEXTA. RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO

I. O custo total da actuación de referencia contemplada neste convenio ascende a tres millóns catrocentos cincuenta mil euros (3.450.000,00€) distribuídos do seguinte xeito entre as partes asinantes:

	AUGAS DE GALICIA	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA	CONCELLO DE ARES	IMPORTE
2022	920.000.00	920.000.00	460.000.00	2.300.000.00
2023	460.000.00	460.000.00	230.000.00	1.150.000.00





	1.380.000,00	1.380.000,00	690.000,00	3.450.000,00
--	--------------	--------------	------------	--------------

De conformidade co establecido no artigo 67 da Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio a reactivación económica de Galicia, es te expediente tramitase como anticipado de gasto; quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2022.

2. Para financiar a súa achega referida na cláusula SEXTA, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

Unha vez adxudicados todos os contratos necesarios para cumprir co obxecto deste convenio, Augas de Galicia poderá liberar o saldo non comprometido para a execución dos ditos contratos.

A achega de Augas de Galicia será financiada ao 100% pola Unión Europea no marco do Eixo REACT UE do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da Covid-19 dentro do Eixe Prioritario 20, Obxectivo Temático 13 "Favorecer a resparación da crise no contexto da pandemia de COVID-19 e as súas consecuencias sociais, e preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía", Obxectivo Específico 20.1.4 - OE REACT-UE 4 "Apoio aos investimentos que contribúan á transición cara a unha economía verde. Actuación 20.1.4.5 "Mellora da eficiencia dos sistemas de saneamento, depuración e abastecemento de auga"

A Axuda á Recuperación para a Cohesión e os territorios de Europa (REACT-UE) é unha iniciativa que prosigue e amplía as medidas de resposta á crise e de reparación da crise propostas na Iniciativa de Investimento en Resposta ao Coronavirus (IIRC) e na Iniciativa de Investimento en Resposta ao Coronavirus Plus (IIRC+). Esta iniciativa contribuirá a preparar unha recuperación ecolóxica, dixital resiliente da economía. O REACT- UE inclúe fondos adicionais que se porán a disposición do FEDER, entre outros fondos europeos, operando así como fondos estruturais, e procederán do Fondo de Recuperación Next Generation EU, instrumento excepcional de recuperación temporal.

Respectaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto do Programa Operativo FEDER Galicia 2014 - 2020, así como as normas de información e publicidade establecidas nas Guías de Publicidade e nas de mais normas comunitarias que sexan de aplicación.

No caso de que a Comisión Europea adoite decisións que impliquen correccións financeiras e/ou descertificacións de fondos europeos, consecuencia de causas imputables ás entidades locais. Éstas obríganse a asumir os ditos importes económicos.

3. Para o financiamento deste convenio, a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Ares achegaron a Augas de Galicia a documentación contable que acredita a disposición de crédito adecuado e suficiente conforme ás anualidades establecidas na cláusula SEXTA.1. Así mes mo, unha vez asinado o convenio e co mo requisito previo á liitación do contrato de obra,





as entidades locais chegarán a Augas de Galicia documentación contable en fase de disposición de gasto (fase D) que recolla a súas achegas económicas, de 1.380.000,00 € a Depuración e de 690.000,00€ o Concello. Cada parte asumirá, na porcentaxe prevista (Aguas de Galicia un 40%, a Deputación Provincial da Coruña un 40% e o Concello de Ares un 20%), as variacións económicas, á alza ou á baixa, pola adxudicación do contrato de obra e dos contratos asociados á execución da obra (asistencia técnica á dirección de obra, seguridade e saúde, e todos aqueles que a dirección de obra nomeada considere necesarios para a súa correcta execución), por modificacións, revisións de prezos, liquidacións dos contratos ou posibles indemnizacións aos contratistas derivadas do cumprimento da vixente normativa sobre contratos do sector público.

O Concelo e a Deputación aboarán a súa achega na conta que Augas de Galicia indique ao efecto. do seguinte xeito:

- A cantidade correspondente a anualidade 2022, estipulada na cláusula 6. 1, a aboarán no prazo máximo dun mes dende a recepción da comunicación realizada por Augas de Galicia da adxudicación das obras obxecto do convenio
- A cantidade correspondente a anualidade 2023, estipulada na cláusula 6.1, a aboarán no primeiro trimestre do exercicio, sen necesidade de requirimento previo de Augas de Galicia.

Augas de Galicia remitirá ás entidades locais a xustificac ión do investimento efectuado que incluírá as certificacións, os xustificantes de pagamento e o certificado do gasto non elixible executado.

No caso de incumprimento, remitirase o importe íntegro da débeda, de conformidade co establecido nos artigos 59 e seguintes da Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 , ao órgano competente para o inicio do procedemento de compensación desta débeda coa participación que ás entidades locais lle correspondan no Fondo de Cooperación Local e posterior retención nas entregas a conta.

SÉTIMA.-TITULARIDADE DAS OBRAS

O concello adquirirá a titularidade das obras de referencia e asumirá a súa posta en servizo, mantemento, explotación e conservación xa que a execución das obras de referencia trae causa, en definitiva, do exercicio dunha competencia de carácter local e da súa vinculación á prestación dun servizo tamén de com petencia local, sendo a actividade desenvolvida por Augas de Galicia, de acordo co establecido neste convenio, de colaboración ftanceira.

OITAVA.- RELACIÓN LABORAL

A su bscripción deste convenio no n impllca relación la boral, contractua l nin de ca lque ra outro tip o , entre os profesio nais que dese nvolva nas act ividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade





ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Constituírse deste convenio non implica relación laboral, contractual nin de calquera outro tipo, entre os profesionais que desenvomvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio , propoñendo as actuacións que se consideren precisas .
- Interpretar, en caso de dúbida. o contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a comisión de seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e a ná li se d as distintas cuesti óns so bre as que deban adoptarse acordos.

DÉCIMA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación n e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste convenio ou relativo a este, á súa interpretación ou execución, ao seu incumprimento, resolución ou nulidade, reso lverase polos órganos da xurisdición contencioso-adminis tr at iva.

UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 .1 2.2 0 23. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se ma nteñan as obrigas pendentes de ca da unha das partes reco llidas neste convenio.

DUODÉCIMA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime das partes e tramitarse a través dunha addenda ao convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- EXTfNCIÓN DO CONVENIO





Será causa de extinción automática do convenio:

- cumprimento do seu obxecto
- transcurso do seu prazo de vixencia

Ese convenio tamén poderá extinguir e por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- O mutuo acordo entre as partes asinantes
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- A inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e /ou adxudicación das obras.
- Que a Unión Europea non financieas obras a través dos seus Fondos Estruturais ou de Investimento.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

Ademais, será causa de extinción por resolución o incumprimento do contido do Convenio ou das obrigas establecidas para cada unha das partes, sen prexuízo da esixibilidade dos danos e responsabilidades imputables ao causante, que, no seu caso, incluíra a indemnización que lle corresponda ao contratista como consecuencia da resolución do contrato ou demora no inicio ou execución das obras. Neste suposto, antes da resolución do convenio, a parte que considera que se está producindo un incumprimento deberá notificar á parte incumpridora un requirimento cun prazo máximo para que leve a cabo os compromisos que se consideran incumpridos e informará, achegando copia do citado requirimento, á outra parte e á comisión de seguimento do convenio. Unha vez transcorrido ese prazo, se persiste o incumprimento, a parte que dirixiu o requirimento notificará ás outras partes a concorrencia da causa de resolución e ente nderase resolto o convenio.

No suposto de que o Co nvenio se extinga por causas imputables ao Concello as instalacións executadas ata ese momento se porán a disposición do Concello, considerándose a tódolos efectos entregadas ao Concello titular das mesmas, con efectos liberatorios para Augas de Galicia.

Non obstante todo o anterior, se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que se consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización. Neste caso, durante o transcurso deste prazo, as cuestións relativas á titularidade das obras e a cesión da posesión rexeranse polo disposto na cláusula sexta deste convenio.

DÉCIMO CUARTA. RESPONSABILIDADE POR INCUMPRIMENTO DO DEREITO DA UNIÓN EUROPEA





De acordo co previsto no artigo 5.4 do Real decreto 515/2013, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do Dereito da Unión Europea, o réxime de obriga e responsabiliddes por incumprimentos que contén este convenio, considerase instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.

DÉCIMO QUINTA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO SEXTA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e do resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Este convenio está financiado ao 100% no marco do Eixo REACT UE do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 e, polo tanto, os beneficiarios deberán cumprir coas esixencias de información e publicidade reguladas no apartado 2.2 do Anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrógase o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello e nos artigos 3 a 5 do Regulamento (UE) nº 821/2014 da Comisión do 28 de xullo de 2014 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se retire ás modalidades concretas de transferencia e xestión das contribucións do programa, a presentación de información sobre os instrumentos financeiros, as características técnicas das medidas de información e comunicación das operacións, e o sistema para o rexistro e o almacenamento de datos. En particular

1. Recoñecer o apoio do Feder á operación en todas as medidas de información e comunicación e medidas para aumentar a visibilidade que leven a cabo mostrando o emblema xunto coa referencia á Unión Europea, segundo o recollido nos artigos 3 e 4 do Regulamento nº 821/2014. Así mesmo, farase referencia ao Federe a que





a operación está 'financiada como parte da resposta da Unión á pandemia da COVID19'.

Tamén se incluíra o lema “Unha maneira de facer Europa” sempre que sexa posible.

2. Informar ao público do apoio obtido facendo unha breve descrición no seu sitio de internet, no caso de que dispoñan de un, da operación, de xeito proporcionado ao nivel de apoio prestado cos seus obxectivos e resultados, edestacando o apoio financeiro da Unión Europea.
3. Durante a execución da operación, colocar un cartel temporal de tamaño significativo. No prazo de tres meses a partir da conclusión da operación, colocar un cartel ou placa permanente de tamaño significativo. O cartel temporal e a placa permanente deberán colocarse nun lugar ben visible para o público e indicarán o nome e o obxectivo principal da operación e prepararanse de acordo coas características técnicas recollidas no artigo 5 do Regulamento nº821/2014.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electrónicamente este documento.

A presidenta de Augas de Galicia. Ethel María Vázquez Mourelle.

O presidente da Deputación Provincial da Coruña. Valentín González Formoso.

O Alcalde de Ares. Julio Ignacio Iglesias Redondo

Dáse conta do informe de secretaria **“Mellora do sistema de abastecemento de Ares (A Coruña)”**, financiado ao 100% a parte elegible pola Unión Europea no marco do eixo REACT UE do programa operativo FEDER Galicia 2014- 2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19; mediante tramitación anticipada de gasto.

INFORME DE SECRETARÍA

En cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte,

Asunto: Convenio de colaboración entre a Entidade Pública Emresarial Augas de Galicia, a Deputación Provincial de A Coruña e o Concello de Ares para a execución da actuación de **“Mellora do sistema de abastecemento de Ares (A Coruña)”**, financiado ao 100% a parte elegible pola Unión Europea no marco do eixo REACT UE do programa operativo FEDER Galicia 2014- 2020, como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19; mediante tramitación anticipada de gasto

INFORME





PRIMEIRO. Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Cabe suliñar que non teñen a consideración de convenios, os Protocolos Xerais de Actuación ou instrumentos similares que comporten meras declaracións de intención de contido xeral ou que expresen a vontade das Administracións e partes subscritoras para actuar cun obxectivo común, sempre que non supoñan a formalización de compromisos xurídicos concretos e exixibles.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público.

SEGUNDO. A Lexislación aplicable vén determinada por:

- Os artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas.
- O artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Os artigos 21, 22 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- O artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

TERCEIRO. Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos asinados entre dous ou máis Administracións Públicas, ou ben entre dúas ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes de distintas Administracións públicas, e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra Administración Pública, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

Quedan excluídos os convenios interadministrativos subscritos entre dous ou máis Comunidades Autónomas para a xestión e prestación de servizos propios das mesmas, que se rexerán en canto aos seus supostos, requisitos e termos polo previsto nos seus respectivos Estatutos de autonomía.





Convenios intradministrativos asinados entre organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes dunha mesma Administración Pública.

Convenios asinados entre unha Administración Pública ou organismo ou entidade de dereito público e un suxeito de Dereito privado.

Convenios non constitutivos nin de Tratado internacional, nin de acordo internacional administrativo, nin de acordo internacional non normativo, asinados entre as Administracións Públicas e os órganos, organismos públicos ou entes dun suxeito de Dereito internacional, que estarán sometidos ao ordenamento xurídico interno que determinen as partes.

CUARTO. De acordo co artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, os convenios deberán incluír, polo menos, as seguintes materias:

- a. Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b. A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública, dos organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes dela ou das Universidades públicas.
- c. Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade dos resultados obtidos.
- d. Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houberse, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento correspondente de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.
- e. Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes e, no seu caso, oscriteiros para determinar a posible indemnización polo incumprimento.
- f. Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execucion do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan exporse respecto dos convenios.
- g. O réxime de modificación do convenio. A falta de regulación expresa a modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes.
- h. Prazo de vixencia do convenio tendo en conta as seguintes regras.

1º Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que normativamente se prevexa un prazo superior.

2º En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unánimemente a súa prorroga por período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

QUINTO. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financieramente sustentables, debendo quen os subscriban ter capacidade para financiar os asumidos durante





a vixencia do convenio. As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poden ser superiores aos gastos derivados da execución do propio convenio.

SEXTO. Hai que ter en conta que o artigo 53.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece expresamente a obriga das entidades do Sector Público de remitir electronicamente ao Tribunal de Contas ou órgano externo de fiscalización da comunidade autónoma, segundo corresponda, aqueles convenios cuxos compromisos económicos asumidos superen os 600.000 euros, así como a de comunicar as modificacións, prórrogas ou variacións de prazos, alteración dos importes dos compromisos económicos asumidos e a extinción dos convenios indicados.

Así mesmo, a Instrución relativa á remisión telemática ao Tribunal de Contas de convenios e de relacións anuais dos celebrados polas entidades do sector público local, aprobada por Acordo do Pleno de 24 de novembro de 2016, publicado por

Resolución de 2 de decembro de 2016, da Presidencia do Tribunal de Contas, concreta a información, documentación, procedemento e medio para levar a cabo a remisión electrónica dos convenios incluídos no citado artigo 53.1 que se formalizaron a partir do 2 de outubro de 2016, remisión que terá lugar, en todo caso, a partir do 15 de xaneiro de 2017.

SÉTIMO. De conformidade co artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, o Concello deberá facer pública a relación dos convenios subscritos que teñan repercusión económica ou orzamentaria, con mención das partes asinantes, o seu obxecto, prazo de duración, modificacións realizadas, obrigados á realización das prestacións e, no seu caso, as obrigacións económicas convidadas.

OITAVO. O convenio ten por finalidade establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ares que permitan acometer e incorporar ao patrimonio municipal as obras consistentes na “Mellora do sistema de abastecemento de Ares (A Coruña)”, a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación a mentemento nso termos do devandito convenio.

Na Cláusula cuarta “Obrigas do Concello”, estableceuse para o cumprimento do convenio oito obrigas do Concello de Ares.

NOVENO. En relación ao réxime de financiamento e obrigas de carácter económico, do custo total da actuación de **3.450.000,00 €.**, correspondendo a seguinte porcentaxe :

- Augas de Galicia: 40 %.
- **Deputación da Coruña: 40 %.**
- Concellode Ares: 20 %

Asinado o Convenio o concello de Ares e como requisito previo á licitación do contrato de obra deberá achegar a Augas de Galicia a documentación contable en fase de disposición de gasto (fase D) que recolla a achega económica por importe de 690.000,00 €.





	AUGAS DE GALICIA	DE DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	CONCELLO DE ARES	IMPORTE
2022	920.000,00	920.000,00	460.000,00	2.300.000,00
2023	460.000,00	460.000,00	230.000,00	1.150.000,00
	1.380.000,00	1.380.000,00	690.000,00	3.450.000,00

Visto canto antecede, informáse favorablemente o convenio de referencia, tendo este Concello disponible a súa aportación pola formalización da operación de préstamo adjudicada na sesión plenaria do día 31 de maio de 2021 por importe de 2.100.000,00 €.

No entanto, o Pleno do Concello acordará o que estime pertinente.

Sometida a votación a aprobación da “**Convenio colaboración entidade pública empresarial Augas de Galicia-Deputación da Coruña e Concello de Ares “Mellora do sistema de abastecemento de Ares”**” o Pleno do Concello por unanimidade dos presente 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 4.- Convenio Fondo de Cooperacion:

Dáse conta da Resolución de estimación da solicitude de Acceso ao Fon de Coperación “Centro Sociocomunitario da Familia” de data 29 de setembro de 2021.

- **Centro Sociocomunitario da familia.**

RESOLUCIÓN DE ESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN

Procedemento: VI438A

Normativa: Resolución do 20 de setembro de 2016 pala que se crea o Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (*Diario Oficial de Galicia* núm. 182, do 22 de setembro de 2016).

Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* núm. 83, do 2 de maio).

Resolución do 1 de xuño de 2021 pala que se convoca, para a anualidade de 2021, o





acceso ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (*Diario Oficial de Galicia* núm. 111, do 14 de xuño de 2021).

Solicitante: CONCELLO DE ARES NIF: P1500400E

Núm. Expediente: FCR-00002/2021

Data de entrada da solicitude: 15 de xuño de 2021

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro: O concello interesado presentou, dentro do prazo establecido, una solicitude de acceso ao financiamento a través do Fondo de cooperación, que foi admitida a trámite.

Segundo: A fase de instrución do procedemento finalizou coa correspondente proposta de resolución da persoa titular da Dirección Técnica de Fomento do Instituto Galego da Vivencia e Solo (en diante, IGVS) de data 27 de setembro de 2021.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira: A competencia para adoptar esta resolución corresponde á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, por delegación da persoa titular da Presidencia do IGVS, de conformidade co establecido no ordinal décimo da Resolución do 1 de xuño de 2021.

Segunda: A solicitude de acceso ao Fondo de cooperación formulada polo concello cumpre todos os requisitos esixidos para a resolución de convocatoria, vai acompañada da documentación complementaria recollida no ordinal oitavo da indicada resolución, e a actuación para a que se solicita financiamento se axusta aos requisitos previstos na mesma.

Polo exposto, logo de examinar o expediente administrativo a proposta de resolución ditada polo director técnico de Fomento do IGVS, RESOLVO:

Estimar a solicitude de acceso ao Fondo de cooperación formulada polo representante do CONCELLO DE ARES para a seguinte actuación e condicións de financiamento:

Denominación da actuación: PROXECTO BÁSICO DE CENTRO SOCIOCOMUNITARIO DA FAMILIA

-Contía que se vai dispar con cargo ao Fondo de cooperación: 273.073,06

-Prazo de reposición da cantidade: 8 ANOS

-Importe correspondente a cada anualidade:





-Anualidade: 2022	-Importe: 34.000
-Anualidade: 2023	-Importe: 34.000
-Anualidade: 2024	-Importe: 34.000
-Anualidade: 2025	-Importe: 34.000
-Anualidade: 2026	-Importe: 34.000
-Anualidade: 2027	-Importe: 34.000
-Anualidade: 2028	-Importe: 34.000
-Anualidade: 2029	-Importe: 35.073,06

A eficacia desta resolución quedará demorada á sinatura do correspondente convenio de financiamento, que terá Lugar no prazo non superior a un (1) mes, contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución.

Para esta sinatura, os concellos interesados, deberán acreditar o cumprimento dos requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007; do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, o cal se realizará mediante a presentación dunha declaración responsable da secretaría municipal ante o IGVS.

Achégase, para estes efectos, un borrador de convenio de financiamento.

A sinatura do convenio suporá a íntegra aceptación polo concello do contido desta resolución.

De non asinarse o convenio por causas imputables ao concello, este perderá o dereito ao acceso ao financiamento solicitado, que se declarará mediante a correspondente resolución.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo de un (1) mes, contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente, recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co establecido nos artigos 8.2.a), 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

A presidenta do IGVS





P.D. O director xeral do IGVS (Resolución do 1 de xuño de 2021. DOG núm. 111, do 14 de xuño)

Heriberto García Porto

(Documento asinado electrónicamente)

Dáse conta da Resolución de estimación da solicitude de Acceso ao Fon de Coperación "Centro Sociocomunitario da Familia" de data 29 de setembro de 2021.

- **Adecuación local en Seselle con pista.**

RESOLUCIÓN DE ESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN

Procedemento: VI438A

Normativa: Resolución do 20 de setembro de 2016 pola que se crea o Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (*Diario Oficial de Galicia* núm.182, do 22 de setembro de 2016).

Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* núm. 83, do 2 de maio).

Resolución do 1 de xuño de 2021 pola que se convoca, para a anualidade de 2021, o acceso ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (*Diario Oficial de Galicia* núm. 111, do 14 de xuño de 2021).

Solicitante: CONCELLO DE ARES

NIF: P1500400E

Núm. Expediente: FCR-00004/2021

Data de entrada da solicitude: 15 de xuño de 2021

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro: O concello Interesado presentou, dentro do prazo establecido, una solicitude de acceso ao financiamento a través do Fondo de cooperación, que foi admitida a trámite.

Segundo: A fase de instrución do procedemento finalizou coa correspondente proposta de resolución da persoa titular da Dirección Técnica de Fomento do Instituto Galego da Vvenda e Solo (en diante, IGVS) de data 27 de setembro de 2021.





CONSIDERACIÓN LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira: A competencia para adoptar esta resolución corresponde á persoatitular da Dirección Xeral do IGVS, por delegación da persoa titular da Presidencia do IGVS, de conformidade co establecido no ordinal décimo da Resolución do 1 de xuño de 2021.

Segunda: A solicitude de acceso ao Fondo de cooperación formulada polo concello cumpre todos os requisitos esixidos pola resolución de convocatoria, vai acompañada da documentación complementaria recollida no ordinal oitavo da Indicada resolución, e a actuación para a que se solicita financiamento se axusta aos requisitos previstos na mesma.

Polo exposto, logo de examinar o expediente administrativo a proposta de resolución ditada polo director técnico de Fomento do IGVS, RESOLVO:

Estimar a solicitude de acceso ao Fondo de cooperación formulada polorepresentante do CONCELLO DE ARES para a seguinte actuación e condicións de financiamento:

- Denominación de actuación: ADECUACIÓN DE LOCAL EN SESELLE CON PISTA
- Contía que se vai dispor con cargo ao Fondo de Cooperación: 290.041,24 Prazo de reposición da cantidade: 8 ANOS.
- Importe correspondente a cada anualidade.
- Anualidade: 2022 - Importe: 38.041,24
- Anualidade: 2023 - Importe: 36.000
- Anualidade: 2024 - Importe: 36.000
- Anualidade: 2025 - Importe: 36.000
- Anualidade: 2026 - Importe: 36.000
- Anualidade: 2027 - Importe: 36.000
- Anualidade: 2028 - Importe: 36.000
- Anualidade: 2029 - Importe: 36.000

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que este punto son os Convenios do Fondo de Cooperación **Centro Sociocomunitario da familia e Adecuación local en Seselle con pista**, este local era dos veciños e foi cedido ao concello e loxicamente imos a cumprir coa cesión que é establecer servizos en Seselle para eses veciños/as que hoxe é practicamente o único sitio de Ares que segue sen parque infantil e tampouco teñen local social, cando noutros lugares de Ares si hai local social, en Seselle quedaba esa lagoa de decadencia de servizos públicos e en consecuencia adecuando ese local o obxectivo do goberno é brindarlle a oportunidade de gozar de espazos públicos que efectivamente temos en lugares de Ares.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra a voceira do BNG.

Toma a palabra a Sra. Brage Otero sinalando que empezando pola antiga reitoral o BNG sempre defendeu a restauración de edificios históricos pero neste caso sempre estivo en





contra da rehabilitación deste edificio histórico ou non, que realmente non é propiedade do concello.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que ese non é o punto do orden do día, non estamos a falar da reitoral.

Intervén a Sra. Brage Otero pedindo desculpas.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que é a segunda fase das escolas do lago, o segundo edificio, primeiro rehabilitouse e aí está Xábrega, e agora vaise a rehabilitar a segunda para Xábrega ou para outro uso, e logo o local de Seselle, este é o tema.

Intervén novamente a Sra. Brage Otero manifestando que está totalmente a favor da recuperación do edificio, coñezo as antigas escolas, pero ao respecto do local de Seselle non queda claro realmente, investir tantos cartos sen unha finalidade definida, non é lóxico facer unha obra sen ter primeiro moi claro cales son as necesidades, os motivos e as causas de ese edificio entón o noso voto non vai a ser favorable.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que en canto as escolas do lago, xa fai anos que levamos dicindo que hai que mirar de recuperalas e como aquí trátase de prioridades e no anterior pleno foi o tema da nave para club de remo, eu creo que a prioridade agora mesmo dos veciños/as de Seselle que son poucos non é esta a prioridade, levar isto a un convenio, a unha débeda que se vai a adquirir coa Xunta de Galicia, por valor de seiscentos mil euros e neste caso douscentos noventa mil euros, neste punto no que non estamos de acordo que o Sr. Alcalde nos dixo no pleno anterior que non se podía pedir a crédito cando debatemos o tema do club de remo, nos imos a pedir que no punto da adecuación do local de Seselle se modifique e que se meta o club de remo eses douscentos noventa mil máis os cento cincuenta mil que vansen a inverter creo que son suficientes para facer esta obra e creemos que é de máis urxencia que a de Seselle, esta leva moitos anos abandonada está aí e pode esperar un ano máis, creo que é o momento de que estes cartos se invertan con prioridade e a prioridade máxima está no club de remo e polo tanto nós imos a propoñer que estes cartos se destinen ao club de remo.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do NAL.

Intervén o Sr. Luis Cendán Fernández manifestando que está de acordo totalmente coa proposta que se trae hoxe ao pleno.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que a xunta ultimamente en vez de convocar subvencións por concorrencia competitiva e que efectivamente sexan subvencionadas as que máis puntuación alcanzan ben, pois decide abrir o programa un día as doce da noite e subvencionar os primeiros que entran ata que se esgote o crédito o que obriga a vir aquí a meter as solicitudes o máis rápido posible porque a liña xeral é que aos doce minutos se acaben os cartos en consecuencia pois é todo un reto. Iso efectivamente é unha situación





onde nesa convocatoria que se esgotan os cartos en doce minutos conseguimos meter dous proxectos, a segunda fase das escolas do lago e a adecuación do local de Seselle, porque se mete a adecuación do local de Seselle, en principio porque hai un compromiso cos veciños/as e é un lugar de Ares que efectivamente non ten espazos públicos Chanteiro, Cervas, Lubre, Pedros teñen parques infantís e loxicamente Seselle e merecedor de espazos públicos que neste caso vai ser unha pista polideportiva como a que hai en Pedros pero a que ademais non temos aulas para talleres de emprego, nin para cursos de formación, non temos aulas homologadas para cursos de formación. Hai unha serie de actividades vinculadas fundamentalmente aos talleres de emprego onde Ares non pode liderar ningún programa porque non temos aulas para impartir esta docencia que con esta obra as imos a ter polo tanto, non vai ser só a pista para Seselle, temen vai a ser a organización dun local que vai a ter espazo para os veciños/as que van a tamen espazo para reunirse e ademais vai a haber aulas homologadas para impartir docencia e formación no ámbito do crecemento de emprego e iso en Ares non o temos e por outro lado, os fondos de cooperación son para rehabilitar non para novas construcións, aquí non entraría o club de remo porque o club de remo non é rehabilitación, é nova construción e de feito a filosofía da rehabilitación vai nas dúas obras, rehabilitación tanto das escolas do lago como as escolas de Seselle, nesta subvención non entraría o club de remo porque é nova construción non somos parvos, está claro que si foran novas construcións poderíamos meter aquí moito máis pero o club de remo non encaixa aquí por ser nova construción, e esa é a razón de ser.

O Sr. Alcalde abre a segunda quenda de intervencións, dálle a palabra a voceira do BNG.

Intervén a Sra. Brage Otero reiterando que esa obra é unha hipoteca, e non está clarificado a súa finalidade.

O Sr. Alcalde dálle a palabra o voceiro do PP.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que en relación aos talleres de emprego iso xa estivo preparado o de albañilería e o de carpintería o que pasou foi que ao estar tan as aforas entraron a roubar a maquinaria e desbalijaron todo, pero ese edificio xa estaba homologado e se fixeron os cursos durante moito anos por iso creemos que vai a ser un problema para o concello porque xa sabemos o que vai a pasar. Nós imos a insistir no mesmo e non estamos de acordo en facer esta obra, creemos que non é o momento, non é unha obra prioritaria polo tanto, imos a votar en contra.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que o punto votase en conxunto, o punto é fondo de cooperación.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro de NAL.

Intervén o Sr. Luis Cendán Fernández sinalando que está de acordo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde reiterando que o que entra nesta subvención é a rehabilitación e polo tanto o que entra dentro desta orde é a rehabilitación das escolas do lago, e o local de Seselle, este local vai a ser destinado a centro de formación sen prexuízo de que os veciños/as





teñan tamén o seu espazo para reunirse, e a pista vaise poñer a disposición porque en Caamouco por desgraza no hai instalacións deportivas, está o club de tenis pero é privado pero en Redes non se puido facer nada por falta de solo e o solo que tivemos foi para aparcadoiro é certo que no PXOM van novas zoas de equipamento onde se poderá establecer instalacións municipais pero ben, queda Seselle e como é rehabilitación pois entra perfectamente.

O Sr. Alcalde somete o punto a votación.

Sometida a votación a aprobación da **“Convenio Fondo de Cooperación: Centro Sociocomunitario da familia e Adecuación local en Seselle con pista e Adecuación local en Seselle con pista”** o Pleno do Concello por 8 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL) e 5 abstencións (3 do PP e 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que queren deixar claro que están de acordo co Centro Sociocomunitario da Familia, pero non están de acordo coa Adecuación local en Seselle con pista, podendo inverter eses cartos na nave do Club de Remo, a razón da abstención e porque o voto ten que ser único para as dúas obras.

Punto núm. 5.- Aprobación Programa DUS 5000: Mellora Instalación iluminación polideportivo-incorporación enerxía solar térmica e biomasa ao Polideportivo e Incorporación enerxía solar fotovoltaica en autoconsumo ao Polideportivo.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que con este programa o que se pretende e que mellore a instalación do polideportivo incorporando vías alternativas e loxicamente mellorando tamén o illamento e a iluminación.

Polo tanto temos, aprobación do programa DUS 5000 “Mellora Instalación iluminación polideportivo-incorporación de enerxía alternativas solar térmica e biomasa e enerxía solar fotovoltaica en consecuencia isto implica a substitución das caldeiras de gasóleo por caldeiras de biomasa e iso estendese non só a pavillón polideportivo, senón que esta substitución de caldeiras vai a afectar tamén ao concello, biblioteca e campo de fútbol. O gasóleo é moi caro e a substitución de caldeiras polas de biomasa vai a abaratar a calefacción nestas instalacións en consecuencia, en el DUS 5000 en principio iamos a meter só o polideportivo pero despois tamén metemos a substitución de caldeiras de gasóleo por caldeiras de biomasa no concello, biblioteca e campo de fútbol mentres que no polideportivo vai a biomasa e a enerxía solar fotovoltaica.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra a voceira do BNG.

Toma a palabra a Sra. Brage Otero sinalando que todo o que supoña un aforro enerxético e económico por suposto o noso voto sempre vai ser a favor.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que o seu voto vai ser a favor.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do NAL.





Toma a palabra o Sr. Luis Cendán Fernández sinalando que o seu voto tamén vai ser a favor.

Unha vez fixadas as posición o Sr. Alcalde somete o punto a votación

Sometida a votación a **“Aprobación Programa DUS 5000: Mellora Instalación iluminación polideportivo-incorporación enerxía solar térmica e biomasa ao Polideportivo e Incorporación enerxía solar fotovoltaica en autoconsumo ao Polideportivo”**. o Pleno do Concello por unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación nos seguintes termos:

A)

Primeiro. - Aprobar a participación e aceptación expresa do procedemento regulado polo Real Decreto 692/2021.

Segundo. - Detallar como actuacións que compoñen o proxecto obxecto de axuda **“SUBSTITUCIÓN CALDEIRAS DE GASÓLEO POR CALDEIRAS DE BIOMASA EN ARES (A CORUÑA): CONSISTORIO, BIBLIOTECA E CAMPO DE FÚTBOL”**, cun orzamento que ascende a **169.013,16 €** IVE Incluído.

Terceiro. - Adquirir o compromiso para dotar orzamentariamente o proxecto, así como o compromiso para financiar a totalidade do proxecto plantexado con carácter previo ao cobro da axuda, no caso de que o mesmo resulte seleccionado en esta convocatoria.

Cuarto. - Aprobar as Memorias descritivas das actuacións a acometer, tal e como consta no Artigo 12.6.b), que a continuación se detallan e integran o proxecto antes citado:

- Memoria Descritiva - Medida 3. Instalacións de xeración térmica renovable e redes de calor ou frío elaborada por Ricardo González Santos Enxeñeiro Industrial (Colexiado N° 2908).

B)

Primeiro. - Aprobar a participación e aceptación expresa do procedemento regulado polo Real Decreto 692/2021.

Segundo. - Detallar como actuacións que compoñen o proxecto obxecto de axuda **“Mellora da eficiencia enerxética do polideportivo municipal de Ares”**, cun orzamento que ascende a **532.044,16 €** IVE Incluído.

Terceiro. - Adquirir o compromiso para dotar orzamentariamente o proxecto, así como o compromiso para financiar a totalidade do proxecto plantexado con carácter previo ao cobro da axuda, no caso de que o mesmo resulte seleccionado nesta convocatoria.

Cuarto. - Aprobar as Memorias descritivas das actuacións a acometer, tal e como consta no Artigo 12.6.b), que a continuación se detallan e integran no proxecto antes citado:





Memoria Descritiva - Medida 1. Redución da demanda e o consumo enerxético en edificios e infraestruturas públicas elaborada por Nicolás Pérez Castelo, ARQ. COL.: 2.699

- Memoria Descritiva - Medida 2. Instalacións de xeración eléctrica renovable para autoconsumo, con o seu almacenamento elaborada por Guillermo Penedo Cobelo, Ing. Industrial. Col. 1919 ICOIIG
- Memoria Descritiva - Medida 3. Instalacións de xeración térmica renovable e redes de calor ou frío elaborada por Guillermo Penedo Cobelo, Ing. Industrial. Col. 1919 ICOIIG

Punto núm. 6.- Toma de razón renuncia Concelleiro D. Emilio Mesías Farías.

Dáse conta do escrito renuncia do Concelleiro D. Emilio Mesías Farías de data 13 de outubro de 2021 que a continuación se transcribe;

Emilio Mesías Farías con dni N° 32.663.228-P en calidade de concelleiro do Pleno Municipal, ante Vde. e como mellor proceda, presento o seguinte escrito en relación a miña dimisión como concelleiro.

EXPOSICION:

Mediante a presente, comunícolle a decisión tomada no seo do BNG de Ares, relativa á presentación da miña dimisión como concelleiro membro do pleno municipal.

Polo cal SOLICÍTOLLE:

Teña a ben incluír dita contade como punto da orde día, na sesión plenaria ordinaria do presente mes de outubro.

Sen máis, aproveito para enviarlle un cordial saúdo, trasladándolle a vostede e ao resto de membros do pleno municipal, así como aos traballadores e traballadoras deste concello, o meu agradecemento polos dez anos compartidos como representante municipal. Foi un pracer.

Atentamente

Emilio Mesías Farías (Concelleiro do GM do BNG)

En Ares, a 13 de outubro de 2021

Sr. Alcalde e Presidente deste pleno. Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras representantes da veciñanza. Sr. Secretario Interventor, notario deste concello. Movidos todos por unha clara vontade de servizo público, coa lóxica amalgama de intereses e intencións que se desprenden dun grupo tan heteroxéneo.





A vós quero dirixirme desta maneira tan concreta, tan real e tan importante, na miña última intervención como concelleiro desta cámara.

Hoxe faise efectiva a miña dimisión como concelleiro en Ares. Atrás quedan 10 anos de traballo político en base a uns programas de goberno pensados para a nosa veciñanza e explicados ante ela. Programas dos que fun fiel até o último momento, nunha etapa na que compatibilicei esta dedicación á par que a miña labor profesional docente.

Sobre destas paredes quedan moitos debates e pareceres, moitos erros e acertos e tamén, como non, momentos doces e amargos. De todo o acontecido levo unha experiencia vital, unha sorte de mochila que me permite un maior coñecemento da sociedade actual, das dinámicas das administracións, do resultado dos nosos actos e tamén das persoas.

Fortalecín a comprensión e o entendemento e, en consecuencia; o respecto, a importancia e a relatividade das cousas, e fíxeno ademais con consciencia e compromiso, aproveitando para cuestionarme certos credos e pareceres, abrindo mente e corazón. A fin de contas, todo isto, e o que nos envolve no día a día a cada un de nós, é parte da nosa vida, o tránsito e o camiño que nos dirixe á vindeira parada.

En moitos foros escoitei a temida frase de “eu non veño aquí a facer amigos”. Tremo cada vez que a escoito. Marcho coa conviccións de que non deixo inimigos, pola miña parte, claro. E iso sen renunciar á claridade dos meus actos dende o firme convencemento no momento de expoñelos, polo que pido desculpas polas ofensas que puiden cometer.

Para min, esta cámara é lugar onde a xente se xunta para acordar cousas das que previamente discrepan. Unha clara mensaxe do colectivo, que vai máis alá das persoas que nos elixe, que nos quer dicir; aí si, discrepades... pois para dentro; Xa veredes como saídes cunha única decisión. Por iso a importancia de ter presente o verdadeiro significado etimolóxico da palabra “acordar”, co prefixo-ad de “asimilación” e a palabra “cor” de corazón, que vén sendo “unir os corazóns” o “traer ao corazón”. Que ben nos faría como sociedade, o rescate do latín!!

Pero máis alá de cuestións profundas, nesta miña intención de valorar as cousas que considero importantes da vida, quero aproveitar a última ocasión que se me brinda para expresar meu agradecemento. Así é o meu desexo e prioridade neste acto.

Grazas a quen co seu voto posibilitou que fose concelleiro neste ciclo que hoxe remata e a toda a xente de Ares que sen darme a súa confianza nos procesos electorais, fíxome chegar de maneira particular seu entendemento, respecto e incluso apoio en moitas das propostas que defendín.

Grazas tamén aos traballadores e traballadoras do concello pola súa axuda cando a solicitei.

Un saúdo para vosoutros e vosoutras concelleiros e concelleiras do pleno municipal e un saúdo tamén para os que previamente tratei e coincidín. A todos e todas -e a pesar das notables





diferenzas que mantivemos sobre como entender a política, a xestión e a organización municipal, xustificadas dende a diversidade de opinións e posicionamentos-deséxovos de corazón, acerto nas propostas e sorte nas decisións. Tedes nas vosas mans a responsabilidade de continuar a facer o camiño polo que teremos que transitar. Iso si, pensade que non ten que ser todo asfalto, ou zahorra. Deixade algo de campo, de terra onde pisar e conectarnos. Creo que se me entende...

Aproveito a ocasión para enviar unha mención especial a Anxo e Cristina, dos que gardo entrañables recordos nesta etapa que remata e con quen tanto e tan bo compartín. A súa amizade e apoio sentaron un ronsel de complicidade no traballo e nos momentos compartidos, moito máis alá do escano, cuestión pola que estarei sempre agradecido.

Creo que nesta vida o mellor está sempre por chegar, así que aproveito para enviavos a todos e todas un saúdo de fraternidade cun "ata outra ocasión en calquera outro lugar."

Moitísimas grazas a todos e todas.

Emilio Mesías Farías. En Ares, a 25 de outubro de 2021.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do NAL.

Intervén o Sr. Luis Cendán Fernández desexándolle moita sorte tanto na vida persoal como na profesional, e sinalando que está a súa disposición para o que necesite.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que ao pesar das diferenzas políticas, sinalar que a comunicación o entendemento e o bo ambiente que tiñamos nunca se viviu por parte do BNG ata que ti chegaches, unha relación estreita, de confianza, de amizade aínda que cada un defendía o seu proxecto político pero sempre houbo cordialidade e boa relación, a realidade é que o imos a votar de menos, tanto a ti como aos compañeiros que compartiron contigo as dúas lexislaturas. Foi un ambiente moi san, moi bo a pesar das diferenzas e espero que sei que es do mundo asociativo e loitas por el tanto no cultural como no deportivo, espero que votes unha man polo ben do concello e do mundo asociativo de Ares, polo tanto eu che pido que sigas aí que co tempo vante a valorar sexa dende o concello ou dende o mundo asociativo, debes seguir Ares necesítate, hoxe deixas un oco no mundo da política e imos a votarte de menos.

O Sr Alcalde dálle a palabra a voceira do BNG.

Intervén a Sra. María Carmen Brage Otero manifestando que dende o BNG moitas grazas, e a título persoal que deixar constar que foi el o que me chamou, si hoxe estou aquí foi porque el me propuxo e a título persoal, motisimas grazas, ata sempre e contamos contigo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que como valoración política mantiveches uns resultados electorais en momentos moi complicados, incluso os melloraches subindo tres





concelleiros, todos os partidos pasan travesías polo deserto, creo que o BNG pasou unha boa travesía polo deserto igual que PSOE coa aparición de novos movementos a nosa esquerda, recordemos todo o que foi PODEMOS, ANOVA, as MAREAS, e ter tres concelleiros nese contexto o BNG en Ares ten o seu mérito e efectivamente non vou a negar que nese momento está claro que foi un reto, as situacións complexas vivímolas todas, e superalas dende unha percepción electoral porque os veciños/as esgotan no teu caso concreto está claro que podes irte cun liderazgo no BNG coa cabeza moi alta porque os resultados electorais do BNG de Ares tivécheos ti, os mellores resultados en toda a historia do BNG de Ares en un momento moi complexo xa digo, con MAREAS, ANOVA, PODEMOS, e non é ningunha bobada porque efectivamente é unha situación moi complexa que nestes momento a esquerda está atomizada. No plano persoal xa o dixemos todos aquí e no plano político poder marchar coa cabeza moi alta porque os mellores resultados electorais efectivamente obtivécheos ti.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando unha vez máis o seu agradecemento a todos/as.

Remata o Sr. Alcalde dando as grazas novamente.

Punto núm. 7.- Dar conta das resolucións adoptadas pola alcaldía.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Punto núm. 8.- Mocións-Propostas

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que non hai mocións por vía ordinaria, hai unha moción por vía de urxencia presentada polo grupo municipal PSdeG-PSOE relativa ao centro de saúde.

Continúa o Sr. Alcalde manifestando que cremos que esta moción é urxente porque temos un cuarto médico que non damos incorporado, unha atención pediátrica cun horario restrinxido, un centro de saúde que está pechado os sábados que con anterioridade pandemia estaba aberto que efectivamente isto ten que dar paso a unha atención presencial, agora está limitada a unha atención telefónica que efectivamente se a pandemia pasou e hai apertura e volvamos todos/as a normalidade os centros de saúde teñen que voltar a normalidade, simplemente pedimos eses puntos como ben dí a moción.

O Sr. Alcalde somete a votación a urxencia da moción

Sometida a votación a urxencia da moción presentada polo PSdeG-PSOE “CENTRO DE SAÚDE” o Pleno do Concello por unanimidade dos presentes 12 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG, 1 de NAL, e 3 do PP) acorda prestar a súa aprobación.

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal PSdeG-PSOE “Centro de Saúde” de data 25 de outubro que do seguinte teor literal;





O **Grupo Municipal Socialista**, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta **MOCIÓN**, en base á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Corporación municipal do Concello de Ares, tralas numerosas demandas e reivindicacións dos veciños e veciñas en relación á situación da atención primaria no noso municipio, reivindicacións ás que se lle foron dando cobertura e traslado a través de mocións presentadas no Pleno, reunións coa Xerencia da área sanitaria, etc...

Tendo en conta que a situación reivindicada non mudou ao longo dos últimos meses e polo ben de garantir unha asistencia sanitaria estable e dotada dos recursos humanos e técnicos precisos, o Grupo Municipal Socialista **somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN**, para que este adopte os seguintes **ACORDOS**

Ante a situación da atención primaria no noso concello e a falta de solucións para garantir unha cobertura sanitaria permanente e de calidade no centro de saúde, acorde ás necesidades da poboación, cun servizo estable e non discriminatorio, vémonos na abriga de manifestar novamente a nosa disconformidade e reclamar medidas urxentes para solucionar a situación de falta de servizos médicos no centro de saúde de Ares, solicitando ante o organismo competente:

- Incorporación inmediata do cuarto facultativo comprometido cumprindo a ratio de médico por habitante que corresponde por poboación ao noso Concello.
- Ampliación do horario de atención pediátrica, actualmente compartida co Concello de Mugardos.
- Apertura do centro de saúde na mañá dos sábados, como se viña facendo con anterioridade á pandemia da Covid-19.

A Voceira municipal,

Asdo. Alma Beatriz Barrón Ferro

Ares, 25 de outubro de 2021

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do BNG,

Intervén a Sra. Brage Otero sinalando que está totalmente de acordo coa moción pero que simplemente engadiría que a sanidade non pode estar en mans de que unha administrativa ou unha PSX dictamine se o teu caso é urxente ou non, non podemos estar a expensas dun persoal non cualificado para que lle pase o recado ao médico que esta de garda para que valore en primeira instancia si che vai a atender o médico ou non é dicir, o persoal sanitario loxicamente ten unha responsabilidade e cumprir co seu cometido. A parte do cuarto médico,





o cuarto médico vía telefónica a min non me vale sinto dicilo así pero necesito médicos con actividade presencial, aos enfermos hai que tratalos mirándolles a cara e mirando as súas constantes vitais.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que aceptan a proposta de incorporar a moción “Volta a atención presencial como se viña facendo anterior a pandemia”.

O S. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que están totalmente de acordo coa moción pero sinalar que isto só pasa en atención primaria, non pasou nos hospitais que tiñan atención presencial. É unha loita que ningunha administración pode con eles, eu vivino cun ATS, é unha loita inútil, non hai forma con eles, e estamos totalmente de acordo coa incorporación na moción da atención presencial.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do NAL.

Toma a palabra o Sr. Luis Cendán Fernández manifestando que está totalmente de acordo coa moción e coa incorporación dese punto porque tamén o vivín cun familiar que pediu unha cita presencial o médico o chamouno por teléfono el insistiu en que quería cita presencial pero non o atenderon, lle deu o tratamento por teléfono sen auscultar, un problema de respiración e esta é a situación que temos, pides unha cita presencial e médico chama a media hora a túa casa para que non vaías.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que unha vez fixadas as posicións somete a votación a moción coa incorporación do cuarto punto, polo tanto quedaría da seguinte forma:

- Incorporación inmediata do cuarto facultativo comprometido cumprindo a ratio de médico por habitante que corresponde por poboación ao noso Concello.
- Ampliación do horario de atención pediátrica, actualmente compartida co Concello de Mugaros.
- Apertura do centro de saúde na mañá dos sábados, como se viña facendo con anterioridade á pandemia da Covid-19.
- **Volta a atención médica presencial. como se viña facendo con anterioridade á pandemia da Covid-19.**

Sometida a votación a aprobación a moción presentada polo PSdeG-PSOE “CENTRO DE SAÚDE” o Pleno do Concello por unanimidade de todos os presentes 12 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG, 1 de NAL, e 3 do PP) acorda prestar a súa aprobación.

Intervén novamente o Sr. Alcalde sinalando que antes de rogos e preguntas temos unha cuestión pola vía de urxencia que é a aprobación **EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS** para incorporar as axudas a hostalerías que son 13000€ que achega o concello de Ares ao Plan de Cooperación, pero que lles quita a Xunta do Fondo de Cooperación polo tanto hai que incorporar eses 13000€, hai que pagar o drone, sei perfectamente que moitos non estades de acordo, eu dende que fun Alcalde participei de maneira moi





intensa na desaparición de certas persoas, unha a atopamos e as outras dous as atopamos mortas, precisamente as dúas que atopamos mortas as atopamos na zoa da costa eu non sei se foron suicidios ou non, pero recordo perder moitas horas recorrendo a costa e baixando acantilados sen horas de luz con lanternas e non se pode poñer en xoga a vida de ninguén, na última desaparición Carlos Rivera baixando polos Colados, o policía local baixando o Mourón e perder o tempo dous ou tres días para encontrar o cadáver para non saber si morreu a última hora ou si o atopamos antes o salvaríamos, efectivamente o drone hoxe pode voar a costa tanto polo día como pola noite teñen cámaras térmicas que detectan persoas, para a busca de persoas é fundamental en dúas horas recorres toda a costa e sabemos si alguén ou non e non perdemos tempo na busca de persoas, hai que dotar de medios a policía local e xunto co coordinador de protección civil fixeron o curso correspondente. En canto a promoción educativa vai unha partida para a Galiña Azul e logo hai un renting dun coche da policía que tamén hai que incorporar, isto foi unha subvención e o renting é para a aportación municipal que son 5000€ de 40000€ que é moi pouco porque este coche foi cunha subvención da Xunta de Galicia.

Sometida a votación a incorporación do punto no orden do día, o Pleno do Concello por 11 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, e 3 do PP) e 1 en contra (1 do BNG) acorda prestar a súa aprobación.

Dáse conta da Providencia de Alcaldía de Iniciación do Expediente “**MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 2021/7**” de data 22 de outubro do seguinte teor literal:

PROVIDENCIA DE ALCALDIA DE INICIACION DO EXPEDIENTE

EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 202117.

Vista a existencia de gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o próximo exercicio para o que o crédito previsto resulta insuficiente e non pode ser obxecto de ampliación, e que correspondería ao seguinte detalle:

Nº	DESCRIPCION	APLIC.ORZ.	IMPORTE
1	Adm. General de Comercio e Turismo	430.45000	13.000,00
2	Policia Local. Maquinaria	132.62300	11.309,87
3	Promoción Educativa	323.46700	3.000,00
4	Policía Local. Renting	132.20400	485,11
	TOTAL		27.794,98€

Visto que existe a posibilidade de financiar devandito gasto con maiores ingresos con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, segundo o seguinte detalle:

APLICACION ORZAMENT.	DESCRIPCION	IMPORTE
87000	Para gastos xerais	27794,98 €





TOTAL

27.794,98 €

Visto o artigo 177 do Real Decreto Legislativo 212004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e vistos os artigos 35 a 37 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril,

DISPOÑO:

Que pola Intervención deste Concello procedase a emitir informe respecto diso e tramítese o correspondente expediente de modificación de créditos por concesión de suplemento de crédito.

En Ares, a 22 de outubro de 2021

O ALCALDE,

Dáse conta do informe de secretaria “Modificación de créditos suplemento con cargo ao remanente líquido de tesorería” núm. 2021/7” de data 25 de outubro de 2021, do seguinte teor literal:

INFORME DE SECRETARIA

De acordo co ordenado pola Alcaldía mediante Providencia de data 22 de outubro de 2021, e en cumprimento do establecido no artigo 3.3.a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte,

ASUNTO: Modificación de créditos “suplemento con cargo ao remanente líquido de tesorería” núm. 2021/7.

INFORME

PRIMEIRO. Cando deba realizarse algún gasto que non poida demorarse até o exercicio seguinte e para o que o crédito consignado no orzamento da entidade resulte insuficiente ou non ampliable, o Presidente da Corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de suplemento de crédito.

De conformidade co artigo 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, os suplementos de crédito poderanse financiar indistintamente con algún ou algúns dos seguintes recursos:

Con cargo ao remanente líquido de Tesouraría, calculado de acordo co establecido nos artigos 101 a 104 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I, do Título VIN, da Lei 39/1988.





Con novos e maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do Orzamento corrente.

Mediante anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

SEGUNDO. A Lexislación aplicable vén determinada por:

- Os artigos 169, 170, 172 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Os artigos 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I, do Título VIN, da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- O artigo 3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- O artigo 16.2 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.
- Regulamento (UE) Núm. 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).
- O artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.
- A Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- O artigo 28.j) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- O artigo 4.1.b).2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

TERCEIRO. O órgano competente para a súa aprobación é o Pleno da Corporación, segundo o artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e o artigo 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sen que sexa exigible un quórum especial.

CUARTO. De acordo co artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, son de aplicación aos expedientes de suplemento de crédito as normas sobre información, reclamación e publicidade dos Orzamentos a que se refire o artigo 169 desta Lei.

Por tanto, a aprobación inicial deses expedientes exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán





examinalos e presentar reclamacións conforme ao artigo 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Así mesmo, definitivamente aprobado, será inserido no *Boletín Oficial da Corporación*, se o tivese, e, resumido por capítulos, no da Provincia

QUINTO. Á súa vez débese ter en conta que, segundo o artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, antes do último día do mes seguinte á finalización de cada trimestre do ano débese remitir a información actualizada dos orzamentos en execución, incorporadas as modificacións orzamentarias xa tramitadas e/ou as previstas tramitar até final de ano, e das previsións de ingresos e gastos das entidades suxeitas ao Plan xeral de Contabilidade de Empresas ou ás súas adaptacións sectoriais, e os seus estados complementarios

SEXTO. O procedemento a seguir será o seguinte:

- A. Ante a existencia de gastos de investimento/gastos correntes para os que o crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación é insuficiente e non ampliable, instouse mediante providencia de Alcaldía a iniciación dun expediente de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito, con cargo ao remanente de Tesouraría.
- B. A a proposta de modificación deberá incorporarse Memoria de Alcaldía, na que se xustifique a aprobación do suplemento de crédito con cargo ao remanente líquido de Tesouraría.
- C. Así mesmo, de conformidade cos artigos 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 4.1.b).2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emitírase informe polo órgano Interventor.

Posteriormente, elaborárase Informe sobre o cálculo d estabilidade orzamentaria.

- D. A tenor do referido artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 56 de marzo, para a aprobación dos Orzamentos.

Por tanto, aprobado inicialmente o expediente polo Pleno da Corporación, exporase ao público, previo anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións, ante o Pleno.

Se durante este período non se presentasen alegacións polos interesados, entenceríase que a modificación de créditos foi definitivamente aprobada, en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.





- E. Á vista das alegacións presentadas a Comisión Informativa de Facenda emitirá ditame que se someterá á aprobación definitiva por parte do pleno.
- F. Aprobado definitivamente polo Pleno do Cncello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia.
- G. O acordo de aprobación definitiva da devandita modificación de orzamento notificarase aos interesados.

SÉTIMO. Contra a súa aprobación, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

OITAVO. De acordo co establecido no artigo 177.6 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os Acordos das Entidades Locais que teñan por obxecto o suplemento de crédito en casos de calamidades públicas ou de natureza análoga de excepcional interese xeral, serán inmediatamente executivos, sen prexuízo das reclamacións que contra os mesmos promovéense, as cales deberán sustanciarse dentro dos oito días seguintes á presentación; entenderanse desestimadas de non notificarse a súa resolución ao recorrente dentro do devandito prazo.

O Secretario, 25 de outubro de 2021

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do BNG.

Intervén a Sra. Brage Otero sinalando que en canto as axudas de hostalaría e turismo quixera ver como se destinan esas axudas.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que é unha xestión da xunta, o concello o único que fai é colaborar aportando os 13000€. A Xunta di, quedan estes locais fora se os queredes meter dentro facedes vosoutros o pago e dixemos que si, entón estes 13000€ son para que non quede ningún local sen axuda, porque os cartos da xunta non chegaban para todos.

Continúa a Sra. Brage Otero manifestando que en canto o drone xa sei que é moi dramático estar na pel dun familiar, pero é o mesmo que se me din que necesítase un helicóptero polo dramático que resulta un incendio en Santa Catalina, cando chegue o momento hai maneiras, e o sei en primeira persoa volvo a repetir, hai maneiras de acceder a instrumentos, todo tipo de posibilidades para a busca dunha persoa ou dun animal.

Sobre a promoción educativa e o renting do coche podo aceptalo, en conxunto o BNG vaise a abster.

Sendo as 10:51h o Sr. Alcalde abandona o pleno, preside a sesión a Sra. Barrón Ferro.





Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que están de acordo na proposta nº1, 3 e 4 da providencia de alcaldía, canto o nº2 o drone non estamos de acordo.

Responde a Sra. Barrón Ferro sinalando que a votación ten que ser o conxunto da proposta.

Sometido a votación o **EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 2021/17**, o Pleno do Concello por 8 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL), e 4 abstencións (3 do PP e 1 do BNG) acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 9.- Rogos e preguntas

Toma a palabra a Sra. Barrón Ferro manifestando que por mor a ausencia do Sr. Alcalde os rogos e preguntas serán contestadas no seguinte pleno, seguidamente dálle a palabra a voceira do BNG.

Intervén a Sra Brage Otero sinalando que non quere facer ningunha intervención.

A Sra. Barrón Ferro dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que teñen varias preguntas que facer:

A primeira e sobre o Cmño. do Franco que se estivo a cortar madeira nunha parcela, iso non quedou ben polo tanto e preciso que vaia a policía local a facer un informe sobre dos desperfectos do camiño, e si depositou aval que se execute.

A segunda pregunta e en relación as obras do colexio, en que situación se atopa o camiño.

E a terceira é sobre as resolucións 472/21, 473/21 hai catro resolucións que son de sancións de tráfico, pero hai tres ou catro en concreto que por parte da Alcaldía se estiman alegacións presentadas, temos unha serie de dúbidas e creemos que pode haber unha ilegalidade polo tanto, queremos ver os expedientes destas tres ou catro resolucións onde se estiman os recursos, e queremos saber quen emite o informe para estimar ou desestimar esas alegacións, si é un informe da alcaldía ou do xefe da policía local. Non entendemos que sexa o xefe da policía local o que sancione e despois o que faga o informe estimando as alegacións, primeiro se sanciona porque aparcou en amárelo e despois se fai un informe aceptando a alegación porque non se veña ben o pintado en amárelo, iso o quero mirar e quero saber con certeza si é o mesmo policía o que sancionou e o que fai o informe ou si é o Alcalde.

Intervén a Sra. Barrón Ferro preguntando que número de resolucións son.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que son as que se estimaron as alegacións por sanción de tráfico 472/21, 473/21, 474/21 queremos ver o expediente, si fan fotos como din pois ver esas fotos polas cales se estiman esas alegacións e se lles quita a sanción, os demais pagamos as sancións polo tanto, queremos saber si é o Alcalde o que acepta a alegación ou é o Xefe da Policía Local, que fai o informe que entendo que a policía local.





Intervén a Sra. Barrón Ferro manifestando que o Sr. Secretario está a confirmar que o informe sempre o fai a policía local.

Toma a palabra novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que non é lóxico que primeiro sancione e logo quite a sanción.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández facendo un rogo, con respecto ao pleno anterior, sinto moito Sra. Barrón Ferro pero o teño que dicir, senón quedara constancia no pleno que quedei como mentiroso.

Cando estaba explicando a obra da Praza da igrexa o Sr. Alcalde interrompeu a miña intervención e chamoume mentiroso, eu sabía que esa obra fora xestionada por min porque recordo que foi no 2007 cando os meus propios compañeiros votaron en contra. Lembro que fun dúas veces a Coruña a Patrimonio a defender o proxecto porque o modificaron e non chegaban os cartos que había no POS 2006 para facer a obra tal e como dicía Patrimonio polo tanto houbo que incorporalo no POS do ano 2007 quero dicir, nas resolución e nas actas pódese ver que esa obra foi feita por min. Si que é certo que o Sr. Alcalde por parte do PSdeG-PSOE solicitou unha subvención a Xunta de Galicia e con eses cartos o que se fixo foi poñer a estatua e o cristal do río da Cachorra, as probas son evidentes eu deixo aquí o expediente para que o vexades, e non e por nada e porque non quero que conste na acta que foi aprobada temen por min que son un mentiroso.

O que quero e que se incorpore e que conste na acta que eu en ningún momento mentín, e que o Sr. Alcalde chamoume mentiroso como ben di a acta da sesión anterior. Insisto, foi no POS 2006 cando nós metimos a obra da Praza da Igrexa, non chegaban os cartos porque no proxecto se facía constar unha parte da praza empedrada e Patrimonio mandou empedrala toda por iso tivemos que incorporalo no POS 2007, cando entrou o PSdeG-PSOE a gobernar solicitou unha subvención a Xunta de Galicia para a estatua e para o río da Cachorra, pero que conste que iso é do POS 2006-2007, aí está a documentación asinada por min, (actas, resolucións, etc...) o expediente completo.

Intervén a Sra. Barrón Ferro sinalando que van a proceder a contestar a pregunta sobre a obra do colexio.

Responde a Sra. Marcos García manifestando que xa están finalizadas as obras do camiño, xa votaron o rego e fixeron as beirarrúas.

Intervén a Sra. Barrón Ferro manifestando que a pregunta referente as resolución serán contestadas no próximo pleno.

Toma a palabra a Sra. Marcos García sinalando que pasou polo Cmñ. do Franco e viu un tractor agrícola traballando, de todas formas avisaremos a policía local para que fagan o informe pertinente.

Responde o Sr. José Manuel Cendán dicindo que o camiño metía medo, pasaba moita maquinaria pesada.





Intervén a Sra. Barrón Ferro preguntando ao Sr. Secretario cal é o trámite que teñen que facer para solicitar o acceso ao expediente das resolucións das alegacións as sancións.

Responde o Sr. Secretario sinalando que non teñen que facer a solicitude, a solicitude xa esta feita aquí no pleno, agora hai que resolvela.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e un minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor

